Dozón Turismo

dozonturismo.gal

# ÁREA RECREATIVA PENA DE FRANCIA

Esta área de lecer ocupa as inmediacións da capela que honra á Virxe de Pena de Francia, destacando polo seu valor histórico, cultural, polas vistas panorámicas e a contorna paisaxística. Atópase no alto da Dorsal Central Galega, na aba superior da cima da Pena de Francia, de 914 metros de altitude. Dende esta obsérvase o Monte Faro, a comarca do Deza e ata o Pico Sacro, a 45 quilómetros de distancia. É unha zona de antigos cultos pagáns e de enterramentos prehistóricos, cristianizada posteriormente, dando lugar a celebración relixiosas que, na actualidade, lévanse a cabo o primeiro domingo de setembro, cando a Virxe, que se trae dende a igrexa de Santa María de Dozón, é venerada e sae en procesión.
Ese día ten lugar unha multitudinaria romaría nesta área recreativa.

O acceso á área de lecer pode facerse en coche partindo da estrada que une A Gouxa e Santa María de Dozón. A área presenta diversas especies arbóreas que protexen do sol os merendeiros, destacando pola súa abundancia os carballos americanos e os bidueiros, aínda que non fallan os castiñeiros e os nosos carballos. Conta cunha ducia de mesas e os seus respectivos bancos para comer, acompañados por unha fermosa fonte monumental delimitada por un muro baixo de pedra. Preto do lugar, ladeira abaixo, atópase a nomeada *Carballeira do Rei*, un pequeno bosque no que manan do terreo as fontes do río Asneiro. É un lugar ideal para pasar un día completo en familia ou con amigos descansando, facendo rutas a cabalo, ciclismo ou sendeirismo.




Dozón (Santa María)

42.58002, -8.00502

XUNTA DE GALICIA
galicia
Xacobeo 21·22
GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN
FEADER Europa inviste no rural
LEADER
agader AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL